



## IGNACIO RODRÍGUEZ EGUÍBAR

Alumno da Promoción de 1961

175 anos son dabondo para formar parte da historia do ensino na nosa Galiza, o Instituto “Lucus Augusti” -nome utilizado para evitar outro, tanto neste Centro coma no Hospital-; para min seguirá a ser “Instituto Masculino”.

Un número reducido de nenos, moi reducido, do barrio de Lamas de Prado, fillos de pais da clase traballadora e sen saber o porqué preparamos o ingreso, mentres que o resto engrosaría o mercado laboral a partires dos doce anos ou a emigración: épocas triste e frías, moi frías... aínda que había tempo para o lecer. Eu prepareinas cun mestre, apartado, que sabía cociñar o bacallau de trinta formas diferentes, un por día do mes -comida de pobres, daquela; contaba el- e que os seus métodos de ensino eran moi expeditivos. Aprobado sobrado, o escrito ben, o oral abraiante para un neno de barrio con tres profesores serios, moi serios, subidos nunha tarima e detrás dunha enorme mesa que impresionaba: D.Celestino, D.Delio e D. Antonio Fraguas.

Comezo do curso en outubro, ao remate do S.Froilán, sen coñecer a ninguén 1ºB; cada ovella coa súa parella: os que vivían no Centro fillos de comerciantes e altos funcionarios -a fidalguía luguesa- coñecíanse entre eles e coñecíanos os profesores: “fulanito, que tal tu padre” e o resto a ir facendo amizade segundo se podía. Ninguén pensaba entón que ían ser amizades para toda a vida independentemente do estatus social e da ideoloxía de cada quen. O bacharelato imprime carácter coma o seminario, os teus son e serán colegas sempre. Profesorado competente, algúns vidos de fora por mor das purgas: D.Lázaro Montero , D.Antonio Fraguas... outros afectados coma D. Glicerio Albarrán. Anécdotas moitas pero só relatarei dúas, unha, que por ter un compañeiro movidiño, o santo varón de D. Pedro Rubín veuno a calmar cunha labazada e no camiño se lle

desprende o puño amidonado que foi parar ao meu ollo co correspondente hematoma e mofa dos compañeiros– tal foi así que o culpable, moitos anos despois sendo profesor do meu fillo, na universidade, contouno en público coa sorpresa do mozo-; a outra, esta vez moi triste do afogamento do compañeiro Juan Carlos no río, nun receso duns “exercicios espirituais”, que no recordo aínda me impresiona hoxe aquel neno espido e coa palidez da morte baixo unha saba.

Nas xuntanzas e comidas frecuentes sempre se contan as mesmas cousas, mais con camaradería e satisfacción.

Uns anos decisivos na nosa formación: alegres na lembranza a pesar do frío no corpo e na alma daqueles tristes anos.